

GALEGO.

Que no Día Grande da Patria Galega, prenda en todos vós a nosa arela de liberdade e chegue a todos o noso fervor de irmandade na Terra.

Irmáns: Que n-ista Data se alcenda en todos os fogares o lume sagro da Patria.

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

DIA DE GALIZA

IRMÁNS NA TERRA!

A todol'os galegos por igual, a todos, —porque, quei-ou non, todos sinten nacer no fondo da súa i'alma a Galiza de que son fillos,—van dirixidas istas verbas de fervor i'eisaltación apaixonada.

A Galiza auténtica, tradicional, histórica, popular, inxel, que ainda alenta en cada un de nós, que latexa ainda en todol'os recunchos da nosa Terra, soerguida por riba do balduque ministerial de ordeanzas e decretos; que, pese a todol'os desleigados e pese a todo, vive, e ten n'ista Hora—encrucillada, de vieiros—os seus brazos abertos pra recibirmos n'unha aberta de intima comunión, n'unha aberta alba e roxa, pura e cordial, na que se amezan corpos e espíritos: azos do peito e azos da i'alma.

N'isre Día, en que se alcenden as fogueiras íntimas de todol'os fogares da nosa Terra, non pode fallar ningún que non queira traspasarse de lus n'ista labarada inxente que alumea os máis escondidos recantos do noso ser; íses corrunchos onde escondemos a nosa vida máis pura: onde a salvamos, salvándonos.

No intre en que morrera o lume dos nosos fogares, no intre en que os recunchos da nosa galeguidade esmorecen na soma, no intre en que esquecémose a nosa Língua e a nosa Tradición, a nosa Terra xa non sería a nosa Terra. E nós xa non seríamos nós, nin seremos ningún. Marcharemos estranos por todol'os carreiros, sin Patria, sin Língua e sin Fogar; viviremos estranxeiros na nosa Terra, que deixamos perder; vagaremos a deriva n'un escuro neufraixio coleitivo.

Pra que ise día non chegue,—non debe nin pode chegar—n'ista Diada da nosa Fraternidade, todos xuntos, irmandados, sentémonos á mesa do noso irad. Fagade.

~~...o lume da galeguidade; combilguémos o pan e o viño do noso vivir tradicional e auténtico; que a nosa Fala, esquecida e aldraxada, analne no seu colo os máis limpos degaros da nosa i'alma.~~

Non agardemos sentados pol'o noso Porvir, ouvindo a vos agoreira dos graxos escuros. Vaíamos cara a il, con confianza en nós, mesmos, co a ledicia que proporciona o ser escultor, e poeta, e inxenheiro da obra común: unha Galiza nova, unha Galiza renacida, unha Galiza disposta a botar, en trance de aberta, os brazos do seu espírito por riba de todal'as cativas barreiras que separan os pobos.

Irmáns: Todos xuntos, en amor i'en dór, por Galicial Pol'a Galiza de Onte e de Mañán! Pola'a Galiza de Sempre! Pol'a Galiza que temos de facer: reita, fecunda, inmorrrente...!

Do noso bardo

HIMNO GALEGO

Que din os rumorosos na costa verdecente ó ruío transparente do prácido luar?

Que din as añas copas do escuro arume arpado co seu ben compasado monótono lungan?

Do teu verdol' cinguido e de beninos astros confin dos verdes castros e valer so chan.

Non des a esquecemento da inxuria o rudo encono. Esperta do teu sono, fogar de Breogán!

Os bos e xenerosos a nosa voz entenden e con arroubo atenden o voso ronco son.

Pois só os iñorantes e féridos e duros, imbéciles i-escuros, non vos entenden; non.

Os tempos sán chegados dos bardos da idade, e as nosas vaguedades cumplido fin terán.

Que o Santo Apóstolo nos depare un bó Evanxelizador pra os fariseus.

a redenzón da boa Nazón de Breogán!



Un pobo non será rico namentras non sexa ceibe. Galiza—como Irlanda—será mísera namentras sexa tributaria d'outras terras.

PENSAMENTOS

N'UN INTRE HISTÓRICO:

«Como cidadán da Galiza son d'unha Patria, como católico sintome cidadán do Mundo renascido pol'a Paixón de El Señor».

As dereitas galegas racharían as vestiduras e apelarían con grandes aspaventos aos tópicos serodios se tal ouvisen. E terán de ouvir moitas veces. E terán de ouvir as outas xerarquías da Eirexa.

Xa vai sendo tempo de que os católicos galeguistas precisemos unha posición que non debía ser nin discutida se os católicos oficiosos disfroutaran do sentido relixioso e pensaran, algunha vez, no intre da xustificación.

Eles, pol'o menos, na situación concorde de grupo, fan do catolicismo un epifenómeno do imperialismo hispáñol, e conforme van os tempos demudando e o ensino imperial esborrallándose en xigantomáquias de ópera, negándose con terca forza ao chamamento do espírito, fan lexión arredor do muro do Escorial e queiman incenso no sepulcro d'...Cid.

¿Será por coidar ao catolicismo desfeito na aventura individual se lle falla o cimento do cesarismo filipesco? Sendo eisi ben pouca emoción deixou n'eles o Apóstolo San Paulos e pouca confianza teñen nas verbas que non poden mintir.

Teñamos a caridade de pensar que obran con boa anque trabucada fé, e fixémonos nas boiantes dereitas galegas. Boiantes, raiolantes, pimpantes, trufantes. Tendeiros, curiales, señoritos de casino, caciques da picaresca e parvos inocentes poden estar pol'o intre, contentos.

Pois eles quantaron a polada de elegantes diputados, teñen aos cregos satisfeitos ca esperanza d'un probe estipendio arrincado ao Estado láico, aplausan en grandes mítines celebrados no ámbito santo das Basílicas, de costas ao Segrario, aos seus equipos de oradores que falan con tan bonito acento castelán, e cada tertulia d'eles ou d'elas eispide bulas de eiscomunión ou da «placet» de creente, c'unha tranquilidade que nunca disfroutou o Vigaro de Cristo. Conxuntos o diñeiro, a forza, a elegancia, o Casino e a Sancristía. ¿Quién poderá con iles?

Eu non sei como cada crego interpretará as verbas subrimas que lle deite ao ouvido seu Bispo n'formidabel sito da ordeación.

Máis sei como a verdadeira concencia católica galega—a criada pol'os discípulos de Santiago e por San Martiño, a que por derradeira vez falou xerar...

...nas verbas profezadas no inicio d'istas líñas.

Que o Santo Apóstolo nos depare un bó Evanxelizador pra os fariseus.

R. OTERO PEDRAYO.

Galeguistas mozos:

N-ista Data da Terra total-as rúas da nosa Patria deben escoitar a vosa voz afervoadada e quente anunciando o noso Semanario.

Contribuiredes así a popularizalo facendo Patria.

IRMANS:

¡Viva Galiza ceibe!